

galicia



Dossier de prensa

XUNTA DE GALICIA



falaRedes

Chega FalaRedes! O novo programa da Secretaría Xeral de Política Lingüística para as entidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística. Un total de 250 actividades repartiranse polas 93 entidades locais adheridas á Rede para promover o uso do galego. O público potencial desta acción suma un total de 700.000 persoas, o que equivale a un cuarto da poboación da nosa comunidade.

As tres actividades que forman FalaRedes están destinadas a tres tipos de público: infantil, xuvenil e xeral. Os máis pequenos converteranse en espectadores de cine e artistas da grande pantalla na caravana de Galego de Cine. Compoñer cancións para cantalas despois cun monicreque construído con materiais reciclados ocupará os adolescentes. As historias tradicionais plasmaranse na area co Señor das Dunas, unha aposta clara pola dinamización lingüística para o público xeral.

Os obxectivos de FalaRedes emanan do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. FalaRedes busca crear espazos de uso e de aprendizaxe do galego ligados ao lecer, á cultura xuvenil e ás tecnoloxías da comunicación para promover unha imaxe da lingua ligada a valores positivos. Tamén intenta reforzar o uso do galego entre galegofalantes, proporcionándolles modelos lingüísticos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófono.

A Rede

A Rede de Dinamización Lingüística é unha iniciativa impulsada pola Administración autonómica para avanzar na coordinación de actuacións planificadas no marco da Administración local co fin de favorecer a dinamización social da lingua galega. Deste xeito, ampliar os seus usos, incrementar o seu prestixio social e favorecer a súa visibilidade nos distintos ámbitos sociais son os seus principais propósitos.

Este traballo conxunto entre as dúas administracións supón unha nova dinámica de traballo que permitirá optimizar os recursos, evitar as duplicidades e aproveitar as sinerxías, de cara á eficiencia e á eficacia das accións dinamizadoras.

Actualmente forman parte da Rede 93 concellos espallados pola nosa xeografía; as deputacións provinciais de Ourense, A Coruña e Pontevedra; as mancomunidades de Arousa Norte, Comarca de Fisterra e Terras de Celanova e o Consello da Cultura Galega. Arredor de 20 entidades máis que presentaron formalmente a súa solicitude de adhesión entrarán a formar parte da Rede nas vindeiras semanas. A interacción entre administracións que supón este proxecto pioneiro marca unha nova etapa na promoción social do idioma.

Mr Misto *Galego de Cine*



Xa non cómpre vivir nunha grande cidade para gozar de bos filmes na pantalla grande. Tan só con adentrarse na caravana de *Galego de Cine* converterémonos en espectadores das mellores curtas infantís en galego. O visionado irá acompañado de actividades de comprensión das películas e rematarase cun video-matón onde os cativos crearán a súa propia historia mediante a oralidade, seguindo o modelo do cadáver exquisito. O *revisor das palabras* conducirá a actividade, que logo se colgará nas webs www.galegodecine.org e www.youtube.com/galegodecine

Rematada a xira, escollerase a mellor das pezas a través dunha votación electrónica. Os gañadores recibirán cadanseu libro do Soldadiño de Chumbo, editado por Galaxia en 2010 e un dvd coa película.

De 6 a 12 anos. O circuío completo da xornada é de 180 minutos, nos que poderán participar 60 nenos inscritos previamente. O videomatón farase en grupos de 20 atendendo a razóns de idade.

Adelante *Títirehop*

Por unha banda os títeres. Pola outra, o *hip-hop*. A fusión de dous mundos tan diferentes dá como resultado unha actividade desenvolvida por García MC e Viravolta títeres na que os adolescentes comprenderán que non é necesario cambiar de lingua para facer música considerada moderna.

O primeiro dos obradoiros forma os mozos na creación de rimas e de letras para as cancións. O segundo, na construción dun monicreque cantor. Cos coñecementos adquiridos, só queda poñer en valor as dotes artísticas dos participantes cunha demostración dos títeres cantantes de *hip-hop*. Todas as interpretacións, acompañadas dunha base musical, colgaranse na web www.titirehop.wordpress.com

Quen dixo que o galego non valía para todo?

De 13 a 17 anos. 180 minutos. Dous grupos repartidos nas dúas actividades.



Merlín Comunicación *O señor das dunas*

Hai moitos anos, durante unha viaxe intercontinental, un barco naufragou á altura da Costa da Morte. As correntes mariñas arrastraron a un vello bibliotecario, amante da literatura e das historias ben contadas, ata a praia de Corrubedo. Alí comezou a contar contos tradicionais, que acompañaba e enriquecía con debuxos feitos con area...

E de Corrubedo ás vilas de Galicia. O Señor das Dunas visítanos contando cinco contos populares galegos, xunto cun alumno aventaxado que ilustra sobre a area a historia que nos narra a medida que se vai relatando.

Todos os asistentes recibirán un libro que recolle cinco historias para que tamén eles se convertan en fontes de coñecemento e espallen a cultura e a lingua galega aos máis pequenos. Complementariamente, na web do programa estarán ao dispor dos usuarios os *Contos ao redor do microondas* en versión dixital, unha iniciativa encamiñada a mellorar as técnicas de expresión oral.

Todos os públicos. Duración de 50 minutos. Local pechado.



@Falaredes



Proxecto Falaredes



Proxecto Falaredes

galici@